

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE</p>	<p>Centro Público Integrado CASTRO BAXOI</p>  <p>MIÑO</p>	<p>CPI CASTRO BAXOI As Marismas 25 — 15630 MIÑO tfno.: 881 880 765 web: http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/ email: cpi.castro.baxoi@edu.xunta.gal</p>	 <p>FONDO SOCIAL EUROPEO</p>
--	--	--	---

RENOVACIÓN PARCIAL DO CONSELLO ESCOLAR DO CPI CASTRO BAXOI (CURSO 2024/25)

Prezadas/os integrantes da comunidade escolar do CPI Castro Baxoi:

Segundo a Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 18/09/2024), debemos comezar o proceso para a renovación parcial deste órgano Colexado do noso centro.

Facilitamos unha primeira información para coñecer o obxectivo que se pretende acadar durante este período.

A composición do Consello Escolar do noso centro é a seguinte:

- Dirección
- Xefaturas de Estudos
- Secretaría
- 6 docentes
- 3 representantes dos/as responsables legais do alumnado (un/unha deles/as é representante da ANPA)
- 3 integrantes do alumnado
- 1 representante do persoal de administración e servizos
- 1 representante do Concello de Miño


Durante este curso, corresponde renovar os seguintes postos:

- 3 docentes
- 1 representante dos/as responsables legais do alumnado
- 2 representantes do alumnado
- 1 representante do persoal de administración e servizos.

O alumnado que pode participar neste proceso é o de Educación Secundaria Obrigatoria.

Pola outra banda, os nomeamentos das persoas que sexan elixidas neste proceso será por un período de catro anos.

Para levar a cabo o noso obxectivo, o primeiro paso será a constitución da Xunta Electoral que farémola o vindeiro venres 25 de outubro ás 11:15. Esta Xunta Electoral estará composta pola Dirección do centro educativo, unha persoa representante do profesorado, unha persoa representante de responsables do alumnado, unha persoa representante do persoal de administración e servizos e unha persoa representante do alumnado. Todos os postos, agás a Dirección, precisan dunha persoa suplente. A determinación das persoas que integrarán a Xunta Electoral realizarase mediante **sorteo público** que terá lugar o vindeiro día 18 de outubro ás 11:15 na aula de desdobre sita na antiga aula de usos múltiples do noso centro educativo. A este sorteo público poden acudir todos/as aqueles/as interesados/as. Polo tanto, as persoas que saian elixidas no sorteo do vindeiro venres, recibirán a convocatoria para a composición da Xunta Electoral o día 25 do mes de outubro.



As funcións desta Xunta Electoral serán:

- Aprobación do calendario de actuacións.
- Publicación dos censos correspondentes.
- Elaboración dos escritos para a solicitude ao Concello e á ANPA do nomeamento das persoas representantes.
- Proclamación das candidaturas.
- Aprobación dos censos electorais.
- Elaboración das papeletas para cada unha das votacións.
- Sorteos das mesas electorais.
- Comunicación dos resultados das eleccións ao director territorial.

Animamos a todas as persoas que integran a nosa comunidade educativa á participación neste proceso tanto na presentación de candidaturas como á emisión dos votos correspondentes.

A partir deste momento, será a Xunta Electoral a que tome as decisións correspondentes a este proceso e serán comunicadas a través da aplicación abalarMóbil coma na nosa web, <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/>

En Miño, a 11 de outubro de 2024
A Dirección